



Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/13226/2026 10/07/2026

Área / Unidad EDUCACION ED0000 EBS.	Documento 2361AI01I2	
Código de verificación  6L2N 1O3C 654L 1T09 0QNE	Expediente 236/2026/131	
	Fecha 09-07-2026	

ÁREA DE EDUCACIÓN

Asunto: proposta de adxudicación definitiva de prazas no Programa de Actividades Adaptadas ao alumnado do CEE Nosa Señora do Rosario – Coruña Educa curso 2026/2027

Logo de ver o informe proposta que antecede e en virtude das competencias que me atribúe a lexislación vixente, resolvín

RESOLUCIÓN

O Concello da Coruña, a través da Área de Educación, da que depende o Servizo de Educación, convocou o programa “ACTIVIDADES ADAPTADAS AO ALUMNADO DO CEE NOSA SEÑORA DO ROSARIO – Coruña Educa curso 2026/2027”, no que se ofrece entre os alumando do CEE Nosa Señora do Rosario, con idades entre os 6 e os 21 anos, tanto se se trata de alumnado fixo do centro como o de centros combinados do Concello da Coruña, para realizar actividades complementarias adaptadas en horario non lectivo.

As actividades vanse realizar no propio centro de ensino para facilitar a conciliación familiar e que as nenas e nenos non se teñan que desprazar a outros lugares.

O período de realización será do 1 de outubro de 2026 ata o 18 de xuño de 2027, de luns a venres, en horario de 15:00 a 17:00 horas.

As bases do programa foron aprobadas, por delegación da Xunta de Goberno Local, mediante Resolución do concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica do 22/06/2026 (documento 2361AI01D5, co código de verificación 343F 5W67 2E5P 055X 01H2).

O prazo para presentar as solicitudes abriuse o 23/06/2026 e rematou o 03/07/2026.

Nas ditas bases establecéronse 3 actividades (Multideporte adaptado, Judo adaptado e Creación artística e artes escénicas inclusivas) distribuídas en 5 grupos reducidos de máximo 10 nenos/as nas dúas primeiras, e un máximo 8 prazas na actividade de Creación artística e artes escénicas inclusivas; cun máximo total de 48 prazas.

Tras rematar o dito prazo, segundo as bases reguladoras da convocatoria de prazas de dito programa, e logo de comprobar as solicitudes presentadas, o Servizo de Educación revisou



Concello da Coruña

as 15 solicitudes presentadas e verificou o cumprimento de todos os requisitos da convocatoria.

Os/as 15 solicitantes realizaron solicitudes por un total das 62 prazas.

Logo de estudar as solicitudes e tendo en conta que se trata dun proxecto piloto, dende a Área de Educación quérese satisfacer toda a demanda.

Hai que ter en conta que a oferta privada de actividades deste tipo é moi limitada polo que a non aceptación de todas as solicitudes produciría un prexuízo para as familias. A pesar diso, o espazo existente no colexio non vai permitir incrementar mais o número de participantes polo que non se van poder aceptar mais solicitudes realizadas fora de praza. As solicitudes están pechadas de acordo co regulado nas Bases da convocatoria.

Para atender todas as solicitudes presentadas vanse modificar as Bases co fin de cubrir toda a demanda de prazas. Na cláusula 3 da convocatoria establecíase que as prazas serían un máximo de 48 distribuídas da seguinte forma:

Multideporte adaptado (luns): 10
Multideporte adaptado (martes): 10
Judo adaptado (mércores): 10
Multideporte adaptado (xoves): 10
Creación artística e artes escénicas inclusivas (venres): 8

Logo de ver as solicitudes e tendo en conta que é posible atender adecuadamente a demanda, **vaise acordar a ampliación de prazas ata o máximo de 62 prazas, coa seguinte distribución:**

Multideporte adaptado (luns): 13
Multideporte adaptado (martes): 15
Judo adaptado (mércores): 11
Multideporte adaptado (xoves): 11
Creación artística e artes escénicas inclusivas (venres): 12

A persoa titular da Concellería delegada responsable da Área de Educación, resolverá a convocatoria, por delegación da Xunta de Goberno Local. Dita Resolución de adxudicación de prazas faranse pública o 10 de xullo na páxina web educativa municipal (www.coruna.gal/educacion) e no teléfono de información cidadá 010 do Concello da Coruña.

De acordo co anterior, RESOLVO:

Primeira.- Autorizar a ampliación do número de prazas ofertado na convocatoria do Programa de Actividades Adaptadas ao Alumnado do CEE Nosa Señora do Rosario – Coruña Educa 2026/27, cuxa cláusula 3 da convocatoria establecía un máximo de 48 prazas coa seguinte distribución:

Multideporte adaptado (luns): 10
Multideporte adaptado (martes): 10



Concello da Coruña

Judo adaptado (mércores): 10

Multideporte adaptado (xoves): 10

Creación artística e artes escénicas inclusivas (venres): 8

Dada a alta demanda por parte do alumnado e tendo en conta que se trata dun proxecto piloto dunha actividades moi específicas que non son facilmente substituíbles por outras, e dadas as necesidades educativas especiais do alumnado, **o número de prazas amplíase a 62, coa seguinte distribución:**

Multideporte adaptado (luns): 13

Multideporte adaptado (martes): 15

Judo adaptado (mércores): 11

Multideporte adaptado (xoves): 11

Creación artística e artes escénicas inclusivas (venres): 12

Segundo.- Aprobar as listaxes que se corresponden coas solicitudes presentadas e coas prazas adxudicadas, que suman un total de **62 prazas**, correspondentes ao programa ACTIVIDADES ADAPTADAS AO ALUMNADO DO CEE NOSA SEÑORA DO ROSARIO – Coruña Educa curso 2026/2027, que se inclúen como **Anexo a este documento con código de verificación 3C3L 2Q05 4748 0E4S 00P8**, non habendo solicitudes en situación de agarda nin solicitudes excluídas.

Terceiro.- Publicar a listaxe das prazas adxudicadas correspondentes ao programa ACTIVIDADES ADAPTADAS AO ALUMNADO DO CEE NOSA SEÑORA DO ROSARIO – Coruña Educa curso 2026/2027 no portal educativo da web municipal (www.coruna.gal/educacion) e a través do teléfono de información cidadá 010 do Concello da Coruña.

Cuarto.- Advertir do inicio do cómputo do prazo de tres (3) días hábiles para a presentación de posibles alegacións á listaxe, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación na web educativa municipal. As posibles alegacións deberán presentarse en todo caso nos rexistros municipais, no rexistro electrónico (a través da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/rexistro-electronico>), ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Quinto.- Advertir as persoas seleccionadas que disporán **dun prazo de do 15 ao 24 de xullo para a súa aceptación**, que deberá ser asinada por ambos proxenitores ou titores legais e comunicada por escrito ao servizo municipal de Educación (SME), a través, da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/rexistro-electronico>), ou nun rexistro público do Concello da Coruña de forma presencial. No caso de non poder realizar a aceptación da praza en las sedes anteriores, por motivos de coidado do/a menor, poderá enviarse por correo electrónico a educacion@coruna.gal.



Concello da Coruña

En todos os casos, no escrito teñen que aparecer os seguintes datos: nome do programa, nome do/a escolar, nº de ID e actividade/s na/s que foi admitido/a.

Logo de transcorrer o dito prazo, sen que se produza tal comunicación, entenderase que renuncia a súa participación no programa.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Por delegación da XGL

(BOP nº 129 do 05/07/2024)

O concelleiro responsable da área de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica